



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA CON DATA 25.10.2018 RELATIVA AO CONTRATO DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO EN LIMERES E MELLORA E PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS MUNICIPAIS: ACCESO A POTABILIZADORA DE CERDEDO E OUTROS

Con data do 25.10.2018, cando son as 12:30 horas, reúnen na sala de concelleiros da Casa Consistorial do Concello de Cerdedo-Cotobade, os membros da mesa de contratación correspondente ao contrato de obra **“PAVIMENTACIÓN CAMIÑO EN LIMERES E MELLORA E PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS MUNICIPAIS: ACCESO A POTABILIZADORA DE CERDEDO E OUTROS”** coa composición establecida no prego de cláusulas administrativas que reñen o contrato e na resolución de inicio do expediente, estando presente como Presidente, D. Jorge Cubela López, Presidente do Concello de Cerdedo-Cotobade, e como vogais: D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor, Secretario do Concello de Cerdedo-Cotobade, D^a Sonia David Cortegoso, Interventora do Concello de Cerdedo-Cotobade, D^a Ana Dolores Jorge Simal, funcionaria do Concello, D^a Carmen Fortes Caramés, en substitución de D^a María Regina Sobral Fraguas, vogal do Concello do PsdG-PSOE, e D. Francisco Javier Dapena Galindo, en substitución de Dna. Jeanett López Fernández, que actúa na súa calidade de Secretario da Mesa de Contratación.

Dáse conta dos informes xustificativos da temeridade das ofertas presentadas polas empresas:

-Construcciones Manuel Perez Portela SL: Informe Lote 1 rexistro de entrada 2018-E-RC-4496, Informe Lote 2 rexistro de entrada 2018-E-RC-4497 de data 22.10.2018.

-Nexia Infraestructuras: Informe Lote 2 rexistro de entrada 2018-E-RE-337 de data 24.10.2018.

Dáse conta do informe da Asistencia Técnica Municipal de data 24.10.2018 en relación á xustificación das baixas temerarias ofertadas, que literalmente di:

“Antecedentes:

Na data 18/10/2018 realizouse a correspondente mesa de contratación da seguinte obra:

Pavimentación camiño en Limeres.

Pavimentos camiños municipais: acceso a potabilizadora de Cerdedo e outros.

Tratase de dous lotes cos seguintes importes:

Lote 1: Pavimentación camiño en Limeres: 62.942,87€.

Lote 2: Acceso a potabilizadora de Cerdedo e outros: 51.691,07€.

Procedemento: Aberto Simplificado. Código CPV: 44113320-4

Resultados da mesa de contratación:

Que tralos cálculos establecido no art.85.4 do Regulamento de Contratos, conclúese o seguinte:

Lote 1: oferta de Construcciones Perez sl:45.853,88€ (baixa 27,15000126%)

Lote 2: oferta de Construcciones Perez sl: 37.656,94€, (baixa 27,15000126%)

Nexia infraestructuras:37.910,23€ (baixa 26,65986601%)



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballido 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



A vista dos datos anteriores as ofertas presentadas poden ser consideradas desproporcionadas ou anormais de conformidade co disposto no art. 149.4 da lei 9/2018 de contratos do sector público.

A mesa de Contratación solicitou aos licitadores a oportuna xustificación da viabilidade das ofertas presentadas, en base ao cal se solicita ao técnico municipal o informe en relación os documentos de xustificación presentados.

INFORMO:

*Xustificación da suposta baixa temeraria presentada por Construcciones Perez Sl, data de rexistro de entrada 22/10/2018, nº4497, **Acceso a potabilizadora de Cerdedo e outros:***

Que o Tecnico que informa revisou a xustificación referente a Mellora e Pavimentación camiños municipais acceso a potabilizadora, concluíndo o seguinte.

Lote 2: importe base licitación 51.691,07€

Prazo de execución: 6 meses. Ofertado: 1mes

Axuntase unha xustificación ben estruturada baseada nos seguintes puntos:

1º disposición de maquinaria propia amortizada(axuntase unha listaxe de toda a maquinaria que dispón sendo esta axeitada para este tipo de obra). Este feito segundo se xustifica permítelle un aforro do 40% neste aspecto, feito que se reflexa na xustificación desagregada dos prezos

2º Axuntase unhas cartas de compromiso de Suministro de distintos prezos de materiais (aglomerados, formigóns, e áridos.), estes prezos logo se repercuten no estudo do descomposto das distintas unidades de obra implicadas no proxecto.

3º a empresa comprometese a realizar unha baixa do 16,076% na execución material, este feito queda reflexado no resumo do anexo III.

4º A empresa licitadora comprometese e así queda indicado no anexo III, a reducir o BI a unha porcentaxe inferior ao 6% , neste caso concreto o 1,0976%, incluso a realizar a baixa dos GX do 13% ao 2.2%.

Ademais axúntanse documentos (certificados) de boa execución semellantes os desta obra, os cales se admiten como validos.

A empresa posúe certificados de calidade ISO 9001 e ISO 14001, que tamén permiten considerar unha adecuación de procesos, orden e calidade no executado.

Que tendo en conta o anterior e considerando os aspectos a xustificar que establece o acordo da mesa de contratación da data 17/10/2018, digo:

- a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.*

Queda xustificado presenta unha planificación que permite comprobar a execución da obra nun mes.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras,

Xustifica a disposición de maquinaria propia, e uns acordos de prezos de materias vantaxosos, incluso a disposición de persoal propio.

- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.

Non é o caso, no xustifica ningunha innovación e orixinalidade, para a execución da obra, neste senso quen informa non considera importante este apartado.

- d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.

A vista dos prezos indicados nas xustificación considéranse aínda que axustados, admisibles.

- e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.”

No é o caso, non se xustifica nada neste senso.

A vista do antedito considero que a xustificación presentada entendese como válida e admítese dende o punto do Técnico que informa , polo que considero que a oferta presentada así como o prazo de execución, quedan xustificadas.

Xustificación da suposta baixa temeraria presentada por Construcciones Perez Sl, data de rexistro de entrada 22/10/2018, nº4496, **Pavimentación camiño de Limeres:**

Que o Técnico que informa revisou a xustificación referente á Pavimentación camiño de Limeres, concluíndo o seguinte.

Lote 1: importe base licitación 62.942,87€

Prazo de execución: 6 meses. Ofertado: 1mes

Axuntase unha xustificación ben estruturada baseada nos seguintes puntos:

1º disposición de maquinaria propia amortizada (axuntase unha listaxe de toda a maquinaria que dispón sendo esta axeitada para este tipo de obra). Este feito segundo se xustifica permítelle un aforro do 30% neste aspecto, feito que se reflexa na xustificación desagregada dos prezos

2º Axuntase unhas cartas de compromiso de Suministro de distintos prezos de materiais (aglomerados, formigóns, e áridos, incluso sinalización horizontal.), estes prezos logo se repercuten no estudo do descomposto das distintas unidades de obra implicadas no proxecto.

3º a empresa comprométese a realizar unha baixa do 19,7815% na execución material, este feito queda reflexado no resumo do anexo III.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



4º A empresa licitadora comprometese e así queda indicado no anexo III, a reducir o BI a unha porcentaxe inferior ao 6% , neste caso concreto o 2,50925%, incluso a realizar a baixa dos GX do 13% ao 5,56%.

Ademais axúntanse documentos (certificados) de boa execución semellantes os desta obra, os cales se admiten como validos.

A empresa posúe certificados de calidade ISO 9001 e ISO 14001, que tamén permiten considerar unha adecuación de procesos, orden e calidade no executado.

Que tendo en conta o anterior e considerando os aspectos a xustificar que establece o acordo da mesa de contratación da data 17/10/2018, digo:

- a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.

Queda xustificado presenta unha planificación que permite comprobar a execución da obra nun mes.

- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras,

Xustifica a disposición de maquinaria propia, e uns acordos de prezos de materias vantaxosos, incluso a disposición de persoal propio.

- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.

Non é o caso, no xustifica ningunha innovación e orixinalidade, para a execución da obra, neste senso quen informa non considera importante este apartado.

- d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.

A vista dos prezos indicados nas xustificación considéranse aínda que axustados, admisibles.

- e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.”

No é o caso, non se xustifica nada neste senso.

A vista do antedito considero que a xustificación presentada entendese como válida e admítese dende o punto do Técnico que informa , polo que considero que a oferta presentada así como o prazo de execución, quedan xustificadas.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



Xustificación da suposta baixa temeraria presentada por NEXIA INFRAESTRUCTURAS SL, data de rexistro de entrada 24/10/2018, RE: 337, Acceso a potabilizadora de Cerdedo e outros: Que o Tecnico que informa revisou a xustificación referente a Mellora e Pavimentación camiños municipais acceso a potabilizadora, concluíndo o seguinte.

Lote 2: importe base licitación 51.691,07€

Prazo de execución: 6 meses. Ofertado: 1mes

Axuntase unha xustificación ben estruturada baseada nos seguintes puntos:

Análises e medición do Proxecto.

Concepción global da obra e condicionantes externos que deben terse en conta na execución.

Programación xeral da obra

Procedementos construtivos adoptados para a execución

Rendementos de execución, medios de produción considerados e dispoñibilidade na zona dos mesmos

Fontes de aprovisionamento consideradas para a obtención dos recursos necesarios

Criterios adoptados para garantir o aseguramento da calidade, respecto medioambiental e normativa de seguridade e saúde.

Prezos de mercado dos recursos necesarios.

Formulación dos prezos do custe de tódalas actividades de obra.

Axuntase unha listaxe de obras semellantes executadas por Nexia nos últimos anos. Admítese como válida a documentación deste apartado, incluso acompañase a clasificación da empresa, polo que a solvencia técnica queda acreditada.

Neste caso Nexia xustifica que dispón de planta de aglomerado propia a uns 30km do entorno das obras incluídas no proxecto o que lle permite unha redacción de custes.(axunta neste senso, o prezo descomposto desta unidade, así como o compromiso de Suministro das emulsións asfálticas.

Acompaña unha listaxe de persoal propio e de maquinaria propia que permite xustificar un aforro nestes apartados.

Por ultimo fai un estudo de prezos descompostos do conxunto da obra, con rendementos habituais que a empresa dispón para este tipo de obras, facendo indicación dos prezos con compromiso, así como alugueiros, conservando no resumo o 6% de BI e o 13% de GXE.

Que tendo en conta o anterior e considerando os aspectos a xustificar que establece o acordo da mesa de contratación da data 17/10/2018, digo:

- a) *O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.*



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



Neste caso o prazo dun mes, ofertado non se xustifica claramente cunha planificación, agora ben os reducidos percorridos dende a obra ata a planta de aglomerado, permite darlle unha validez ao prazo ofertado. Que ademais coincide co menor prazo admisible na licitación .

- b) *As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras,*

Xustifica a disposición de maquinaria propia, e uns acordos de prezos de materias vantaxosos, incluso a disposición de persoal propio.

- c) *A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.*

Non é o caso, no xustifica ningunha innovación e orixinalidade, para a execución da obra, neste senso quen informa non considera importante este apartado.

- d) *O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.*

A vista dos prezos indicados nas xustificación considéranse aínda que axustados, admisibles.

- e) *Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.”*

No é o caso, non se xustifica nada neste senso.

A vista do antedito considero que aínda que non se xustifican algúns parámetros establecidos nos apartados anteriores, quen informa entende que pola envergadura da obra licitada e as xustificacións presentadas considero que a oferta atopase xustificada, tanto no prazo de execución, como no importe..

Resumo:

As dúas empresas licitadoras xustifican dende o punto de vista do Técnico que informa as súas ofertas tanto en prezo como no prazo.

O que informo aos efectos oportunos.”

A Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, acorda emitir proposta de adxudicación en favor da empresa Construcciones Manuel Perez Portela SL para o Lote 1 e o Lote 2 ao constituír a oferta máis vantaxosa non incurso en presunción de temeridade de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e a seguinte táboa de puntuacións:

Lote 1 Pavimentación Limeres



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



EMPRESA	PREZO	PUNTOS	GARANTIA	PUNTOS	PRAZO	PUNTOS	TOTAL
NAROM	49.252,80 €	9,31	3	2,00	2,50	0,40	11,71
ASFALGAL	52.034,87 €	8,81	2	1,33	4,00	0,25	10,40
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA	57.964,09 €	7,91	3	2,00	6,00	0,17	10,08
MARCONSA	60.331,66 €	7,60	3	2,00	1,00	1,00	10,60
TABOADA Y RAMOS SL	48.264,48 €	9,50	3	2,00	1,00	1,00	12,50
COVSA	53.155,25 €	8,63	3	2,00	1,00	1,00	11,63
CONSTRUCCIONES PEREZ	45.853,88 €	10,00	3	2,00	1,00	1,00	13,00
NEXIA INFRAESTRUCTURAS	46.401,48 €	9,88	3	2,00	1,00	1,00	12,88
CALDEVERGAZO SL	59.000,00 €	7,77	3	2,00	1,00	1,00	10,77
E.C.CASAS SL	54.697,35 €	8,38	3	2,00	1,00	1,00	11,38
COVIASTEC SL	54.995,47 €	8,34	3	2,00	3,00	0,33	10,67

Lote 2 Acceso Potabilizadora

EMPRESA	PREZO	PUNTOS	GARANTIA	PUNTOS	PRAZO	PUNTOS	TOTAL
NAROM	38.773,47 €	9,71	3	2,00	2,50	0,40	12,11
ASFALGAL	42.733,01 €	8,81	2	1,33	4,00	0,25	10,40
MARCONSA	48.400,41 €	7,78	3	2,00	1,00	1,00	10,78
TABOADA Y RAMOS SL	43.891,54 €	8,58	3	2,00	1,00	1,00	11,58
COVSA	48.067,53 €	7,83	3	2,00	1,00	1,00	10,83
CONSTRUCCIONES PEREZ	37.656,94 €	10,00	3	2,00	1,00	1,00	13,00
NEXIA INFRAESTRUCTURAS	37.910,23 €	9,93	3	2,00	1,00	1,00	12,93
CALDEVERGAZO SL	49.000,00 €	7,69	3	2,00	1,00	1,00	10,69
E.C.CASAS SL	45.488,14 €	8,28	3	2,00	1,00	1,00	11,28
COVIASTEC SL	51.046,71 €	7,38	3	2,00	3,00	0,33	9,71

Consta inscrición de Construcciones Manuel Perez Portela SL no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº 421) que acredita estar clasificada e xustificándose estar en posesión da documentación establecida no prego de cláusulas administrativas particulares.

Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público, na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares a Mesa de Contratación,

PROPÓN:

1.Declarar válido o acto de licitación.

2.Notificar electrónicamente Construcciones Manuel Perez Portela SL e requirirlle, como oferta economicamente mais ventaxosa, para que dentro do prazo de **SETE DÍAS HÁBILES** seguintes á recepción da presente comunicación aporte:



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



Constitución da garantía definitiva por importe de:

Lote 1: Pavimentación Limeres 2.600,94 €

Lote 2: Acceso a Potabilizadora 2.135,99 €

3.Advírteselle que, de no cumprimentar adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retiraron a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

4.Notificar a presente Resolución ao interesado.”

Sen outro asunto que tratar a Mesa levanta a súa sesión ás 13:00 horas.

Cerdedo-Cotobade

O Secretario da Mesa

Fco. Javier Dapena Galindo